



Resolución do 9 de marzo de 2020, do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de A Coruña, pola que se acorda realizar o pagamento mediante transferencia bancaria dos bens e dereitos afectados polas obras vía de alta capacidade Carballo-Berdoias.

En cumprimento do artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, acórdase realizar o pagamento dos prezos xustos e os xuros de demora aos titulares dos bens e dereitos afectados polas obras de claves AC/06/140.01.75, AC/06/140.01.75-PC, AC/10/140.01.75 e AC/10/140.01.75_ , nos concellos de Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e Vimianzo.

O pago realizarase mediante transferencia bancaria a quen figura como titular no expediente. No suposto de cambio na titularidade da propiedade que figura no expediente deberán achegar documentación que acredite a transmisión da propiedade e D.N.I. do novo titular.

Para proceder ao pagamento, os titulares dos bens e dereitos afectados deben proporcionar un certificado de titularidade da conta bancaria co número de conta completo (incluído IBAN e BIC) dentro dos quince (15) días naturais, no que todos os propietarios figuren conxuntamente como titulares. No caso de que no devandito período non se proporcione a documentación, a transferencia aos titulares non se poida levar a cabo e/ou a propiedade dos bens e dereitos afectados non se acredítase suficientemente, o importe depositarase na Caixa Xeral de Depósitos.

A documentación requirida debe presentarse por calquera dos seguintes medios: nas oficinas de asistencia en materia de rexistros, nas oficinas postais dirixidas ao Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, 2-8ª planta, 15071 A Coruña), mediante presentación electrónica na dirección <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A relación de fincas a aboar e titulares afectados estará publicada no taboleiro de editos dos concellos afectados.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Felipe de la Vega Gándaras
Xefe do Servizo Provincial da Coruña

